

RESPOSTAS CORRECTAS DOS CUESTIONARIOS DO CURSO: VOLUNTARIADO EN COOPERACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Cuestionario Módulo 1: A cooperación Internacional para o desenvolvemento. Nocións básicas

1. ¿Que se entende por terceiro Sector?

Entidades privadas sen ánimo de lucro

2. As modalidades de cooperación ó desenvolvemento segundo o nivel de desenvolvemento dos países defínese como:

Horizontal, Vertical e Triangular

3. ¿Cal das seguintes non pode ser entidade sen ánimo de lucro?

Empresas

4. A cooperación internacional é:

É a colaboración entre países para buscar un beneficio ou ben mutuo

5. A distribución de ditos países corresponde á clasificación:

Norte - Sur

6. ¿Cal das seguintes afirmacións é correcta?

Os actores privados poden ser con ou sen fins lucrativos

7. ¿ Que criterios ten que cumprir a axuda ó desenvolvemento?

Axuda, concesionalidade, e o país receptor ten que ser un país en desenvolvemento

8. Os ámbitos cubertos pola cooperación internacional son:

Obter un ben ou beneficio mutuo e mellorar a saúde, a educación, as condicións ambientais, etc..

9. O tipo de análises da axuda e cooperación ó desenvolvemento bilateral defínese como:

Aquela que se realiza directamente dende un país donante a un país receptor, ben, a través, das súas propias administracións públicas, ou ben, por medio de organizacións de desenvolvemento non públicas

10. ¿Cal das seguintes son entidades privadas sen ánimo de lucro?

Ong's

Cuestionario Módulo 2: Contexto Internacionais en Cooperación

1. A cooperación internacional nace:

Tras a II Guerra Mundial

2. Para a análise da cooperación o desenvolvemento hai que ter en conta os aspectos:

Político, económico, social e medioambiental

3. Dentro do aspecto social destacase:

A superpoboación e os procesos de urbanización

4. ¿Cal das seguintes afirmacións é a correcta?

A poboación dende os 50 duplicouse debido á mellora da medicina e á diminución da natalidade

5. O aspecto ambiental:

Caracterizouse polo cambio climático, a contaminación, a destrución da capa de ozono e outros fenómenos do medio ambiente

6. O declive da cooperación ó desenvolvemento débese, entre outros, a estar caracterizada:

Pola inferioridade dos países receptores e sentimento de débeda cara os receptores

7. Dende a súa orixe a cooperación ó desenvolvemento quedou marcada por:

A Guerra Fría e polo comportamento dos países europeos

8. A cooperación ó desenvolvemento:

Pasouse dunha concepción tradicional a unha maior inclusión dos axentes involucrados

9. A mellora da medicina e a diminución da natalidade e un feito que se engloba no aspecto:

Social

10. O pasado colonial dos países tivo un gran peso á hora de impulsar as súas políticas oficiais de cooperación, este feito englobase no aspecto:

Político

Cuestionario Módulo 3: A cooperación Española e O papel de Galicia

1. O órgano de xestión da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento denomínase:

Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

2. A AECID é unha entidade de:

Dereito público

3. A estrutura da AECID está formada por:

Oficinas Técnicas de Cooperación, Rede de Centros Culturais AECID e Centros de Formación

4. Os instrumentos para o desempeño das funcións e cometidos asignados á AECID ten como base principal:

O Plan Director da Cooperación Española, o Plan Anual da Cooperación Internacional e as Estratexias sectoriais e os planeamentos dos Obxectivos do Milenio aprobados por Nacións Unidas

5. Entre as funcións da AECID están:

Executar e financiar conxuntamente programas e proxectos con outras axencias de cooperación e desenvolvemento e coordinar e executar a acción humanitaria no exterior

6. ¿Cal de estas afirmacións é falsa?

O Desenvolvemento é o proceso polo cal as sociedades pasan de condicións de vida satisfactorias a un nivel moito menos alto de consumo e de calidade de vida material.

7. ¿Qué é Cooperación Galega?

É a ferramenta a través da cal Galicia canaliza as súas accións en pro do desenvolvemento.

8. ¿Entre outros, que obxectivos ten Cooperación Galega?

Dar respaldo financeiro a proxectos de cooperación e sensibilizar á poboación sobre a necesidade de fomentar

9. ¿Cal de estes obxectivos non pertence a Cooperación Galega?

Obter bens en beneficio da comunidade galega

10. As condicións que impón Cooperación Galega, entre outras, son:

A axuda destinase en función das necesidades do donante

Cuestionario Módulo 4: Xénero e Desenvolvemento e Acción Humanitaria

1. Na estratexia de xénero e desenvolvemento, ¿cal é correcta?:

É unha ferramenta de diagnóstico e unha metodoloxía indispensable para o ciclo do proxecto, ten un compoñente político e ideolóxico, transformador e o xénero en cooperación internacional resulta da procura de igualdade entre mulleres e homes, nos que os dereitos, responsabilidades non dependa do sexo co que naceron

2. Os enfoques dende os que se pode afrontar a cuestión da muller son:

Enfoque de benestar, de equidade, da pobreza, eficiencia e enfoque de benestar, de equidade e de empoderamento

3. Os proxectos de cooperación para o desenvolvemento deben:

Incorporar elementos de equidade desde unha perspectiva de xénero e incorporar elementos para satisfacer as necesidades básicas, de superar estados de pobreza, de elevar a eficiencia e a produtividade do traballo, tratar de mitigar os efectos dos conflitos e desastres naturais e ambientais

4. ¿Cal é a afirmación correcta?:

A busca de igualdade entre homes e mulleres é un obxectivo a conseguir no mundo

5. A concepción de xénero e desenvolvemento

Ningunha resposta é correcta (Só busca a igualdade entre homes e mulleres e só pretende facilitar a adquisición de poder por parte da muller)

6. A acción humanitaria definiuse historicamente sobre a base dunha serie de principios, éticos e operativos, entre os que destacan:

Humanidade, imparcialidade, neutralidade, independencia, universalidade.

7. Entre os obxectivos da acción humanitaria atópanse:

Provisión dos bens e servizos básicos, abrigo, atención sanitaria e auga potable, saneamento, alimentos.

8. A acción humanitaria distribúese mediante:

Axuda bilateral e multilateral

9. A acción humanitaria conta cunha xustificación legal en varios instrumentos do dereito internacional, referíndose a ela como:

Accións de socorro de carácter humanitario.

10. A axuda distribúese a través de organismos como:

ACNUR e Cruz Roja



Cuestionario Módulo 5: Dereitos Humanos

1. ¿Quen forman a carta Internacional de Dereitos Humanos?

A Declaración Universal, o Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos e os seus dous protocolos facultativos, e o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais.

2. Os dereitos humanos son:

Universais, incondicionais, inalienables

3. Cal de estas afirmacións é correcta:

As dúas respostas son correctas (A Declaración Universal de dereitos humanos constitúe, xeralmente, un documento orientativo e Os Pactos son tratados internacionais que obrigan ós Estados fírmante a cumprilos)

4. Os dereitos humanos pódense clasificar en:

Primeira, segunda e terceira xeración

5. A declaración universal de dereitos humanos aprobouse o:

10 de decembro de 1948

6. A primeira xeración dos dereitos humanos:

Refírese ós dereitos civís e políticos, tamén denominados "liberdades clásicas"

7. A segunda xeración dos dereitos humanos:

A constitúen os dereitos económicos, sociais e culturais

8. A primeira xeración dos dereitos humanos:

Creados para incentivar o progreso social e elevar o nivel de vida de tódolos pobos, nun marco de respecto e colaboración mutua entre as distintas nacións da comunidade internacional

9. Os dereitos humanos son universais:

Porque pertencen a tódalas persoas, sen importar o seu sexo, idade, posición social, partido político, crenza relixiosa, orixe familiar ou condición económica

10. Os dereitos humanos defínense como:

As dúas respostas son correctas (Aquelas liberdades, facultades, institucións ou reivindicacións relativas a bens primarios ou básicos que inclúen a toda persoa, polo simple feito da súa condición humana, para a garantía dunha vida digna - As condicións que permiten crear unha relación integrada entre a persoa e a sociedade, que permita ós individuos ser persoas xurídicas, identificándose consigo mesmos e cos outros)

Cuestionario Módulo 6: Educación para o desenvolvemento

1. A educación para o desenvolvemento, entre outras:

Aumenta o coñecemento sobre as forzas económicas, sociais e políticas, tanto do Norte como do Sur, e as súas relacións, e condicionan as nosas vidas como individuos pertencentes a calquera cultura do planeta.

2. Educación para o desenvolvemento segundo o Plan Director da Cooperación Española 2005-2008 defínese como:

Educación sociopolítica que ten como eixe a xustiza social e que trata de concienciar sobre as desigualdades planetarias existentes, das súas causas e consecuencias.

3. A educación para o desenvolvemento, apoia en aspectos:

Cognitivo e étnico

4. A educación para o desenvolvemento, require:

Claridade de ideas, implicación dos actores e recursos

5. Para realizar unha boa estratexia:

É necesaria unha combinación das aptitudes e actitudes anteriores

6. ¿ Cal das seguintes afirmacións é falsa?

A Educación para o Desenvolvemento é un concepto actual dos anos 90

7. A ED:

Facilita a comprensión das relacións que existen entre as nosas propias vidas e as de persoas de outras partes do mundo e favorece o desenvolvemento humano sostible no nivel individual, comunitario, local e internacional.

8. O aspecto étnico no que se apoia a ED:

Consiste na adquisición dunha actitude de solidariedade ben entendida

9. O aspecto intelectual no que se apoia a ED:

Consiste na necesidade de coñecer, estudar e logo analizar os feito

10. A ED:

É unha estratexia a longo prazo decidida a alcanzar os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio e debe impulsar o intercambio e a participación das sociedades civís do Norte e do Sur e debe impulsar unha aposta pola sensibilización

Cuestionario Módulo 7: As ONGs en Galicia

1. O voluntario é:

A persoa que se compromete de forma desinteresada a axudar a outro e faino, xeralmente, con capacidade de obrar, de forma organizada e no seno dunha institución ou proxecto

2. Un acción voluntaria ha de ser:

Desinteresada, intencionada, xustificada

3. As características que se destacan no voluntariado son:

Voluntariedade, Solidariedade, Organización, Gratitude

4. ¿Cal é a diferenza primordial entre un voluntario e unha persoa contratada nunha organización?

A remuneración recibida

5. No Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento están inscritas:

Organizacións non gobernamentais

6. Unha acción é desinteresada porque:

O voluntario non persegue ningún tipo de beneficio ni gratificación pola súa axuda

7. Entre os principais obxectivos das organizacións de voluntarios encóntranse:

A defensa dos dereitos humanos, moi especialmente dos colectivos máis desfavorecidos e o respecto ás diferenzas individuais e grupais

8. As ONG's necesitan:

Persoal voluntario e contratado

9. As organización non gobernamentais para o desenvolvemento están inscritas no:

Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.

10. Cando o voluntario non persegue ningún tipo de beneficio nin gratificación pola súa axuda, dise que a acción é:

Desinteresada

Cuestionario Módulo 8: Habilidades das persoas cooperantes e Recursos para mozos en cooperación internacional para o desenvolvemento

1. A relación voluntario-organización sostense a base de :

Responsabilidade, constancia e motivación

2. ¿ Cal de estas afirmacións é falsa? :

A relación voluntario-organización pode ser independente

3. O que se lle pide a un cooperante/voluntario é:

Estar disposto a poñer a disposición a súa experiencia de traballo, de compromiso sociopolítico e relixioso, de vida en grupos ou asociacións, etc.

4. Requisitos idóneos dun voluntario son:

Acción tomada dende a liberdade e sentimento solidario

5. ¿ Cal de estes non son requisitos idóneos?

Mala saúde

6. ¿ Cal de estas afirmacións é verdadeira?

Pódese axudar dende o país donante.

7. Os terreos nos que se pode mover un voluntario son:

Amplísimos e diversos

8. Un voluntario pode realizar a súa función en programas de:

Sensibilización e asistencia directa

9. ¿ Cal de estas afirmacións é falsa?:

Hai unha única forma de ser voluntario

10. O voluntario virtual:

Pode realizar voluntariado dende a súa casa ou o seu traballo

Cuestionario Módulo 9: Dinámicas de sensibilización e coñecemento

1. ¿Cal de estas obxectivos de sensibilización e coñecemento non é verdadeiro?:

Prover dos bens e servizos básicos para garantir a subsistencia dos afectados por un desastre e aliviar as súas penalidades

2. Para sensibilizar pódense:

Organizar seminarios e debates

3. ¿Cal de estas afirmacións é falsa?:

A cooperación ó desenvolvemento só implica o traballo nos países empobrecidos

4. E importante realizar campañas de sensibilización dirixidas a:

Toda a sociedade

5. Son obxectivos dos programas de sensibilización e coñecemento:

Fomentar a opinión pública un ambiente de comprensión e de respecto cara as costumes e formas de vida de outras culturas e promover valores e actitudes tendentes a un cambio social.

6. ¿Cal é a afirmación correcta?:

O resultado final da sensibilización é adquirir un compromiso persoal e/ou social para intervir no desenvolvemento comunitario, en feitos concretos, articulando protesta e proposta

7. Fomentar a opinión pública un ambiente de comprensión e de respecto cara as costumes e formas de vida de outras culturas, é:

Un obxectivo da sensibilización

8. A organización de conferencias para sensibilizar á sociedade, considerase:

Unha estratexia de sensibilización

9. Nos programas de sensibilización, hai que ter en conta:

A tódalas persoas e os dereitos das persoas

10. ¿Cal de estas afirmacións é falsa?:

As ONG's son as os únicos axentes encargados de realizar estratexias de sensibilización